

Alumnado escolarizado no curso 2022-2023 en 1º de FP básica e teña cumpridos ou cumpra 17 anos no 2023

Período ordinario de admisión	
Presentación de solicitudes	26 de xuño ás 9:00 horas ao 6 de xullo ás 13.00 horas
Publicación da listaxe provisional de solicitudes	10 de xullo
Reclamación á listaxe provisional de solicitudes	Do 10 ás 9:00 horas ata as 13:00 horas do 12 de xullo
Publicación da listaxe definitiva de solicitudes	24 de xullo
Publicación da adxudicación de prazas	24 de xullo (*)
Matriculación das persoas con praza adxudicada	Desde o 24 de xullo

Hai que diferenciar as seguintes situacións:

- **Alumnado que repite 1º curso por primeira vez no mesmo centro e ciclo.** Este alumnado TEN A PRAZA garantida no seu centro e ciclo.
- **Alumnado que quere cambiar de centro para volver iniciar 1º FPB,** sexa no mesmo ciclo ou noutro distinto. NON TEN A PRAZA garantida no centro e ciclo que solicita xa que non ten a consideración de alumnado repetidor para os efectos de admisión.
- **Alumnado que sen cambiar de centro quere volver iniciar 1º FPB nun ciclo distinto.** NON TEN A PRAZA garantida no centro e ciclo que solicita xa que non ten a consideración de alumnado repetidor para os efectos de admisión.

Lugar de presentación da solicitude: No centro no que pretenda ser admitido.

Documentación:

- [Anexo I](#)– Solicitude de admisión e matrícula na FPB (**)

(*) Logo de publicada a listaxe do alumnado admitido, os centros de destino comunicaranse con este alumnado, especialmente o alumnado EO, para realizar a correspondente matrícula.

*(**) O centro no momento que recibe a solicitude, efectuará a carga na aplicación informática e obterá un resguardo da solicitude que deberá ser asinado polo alumno se é maior de idade, se é menor de idade deberá ser asinado por calquera das persoas titulares da patria potestade ou representante legal.*

No caso de separación ou divorcio será necesaria a sinatura de ambos os proxenitores, agás nos supostos de alumnado afectado por situacións de violencia de xénero ou de que a patria potestade estea atribuída, con carácter exclusivo a un deles. Neste caso será necesario presentar, a resolución xudicial correspondente para que o centro educativo a cotexe.